

VIVA GALIZA  
CEIBE e SOCIALISTA



# OS DEZ PUNTOS

- 1.—Galicia é unha nacionalidade e, como tal, ten dereito á súa autodeterminación.
- 2.—O pobo exercerá o poder en Galicia.
- 3.—Os medios de produción, distribución e creto pertencen ó pobo.
- 4.—A colectivización do agro comenará cunha etapa cooperativa como fase previa a formas máis desenroladas de socialización.
- 5.—A pequena empresa e maila industria artesanal serán concentradas en unidades productivas superiores.
- 6.—A grande empresa capitalista será socializada dun xeito inmediato.
- 7.—A organización deministrativa do agro galego terá por núcleo as agrupacións tipo parroquia, que se integrarán na bisbarra. O territorio urbán será adeministrado por concellos compostos de distritos.
- 8.—A educación estará ó servicio do pobo.
- 9.—O idioma oficial de Galicia será o galego, de insino obrigatorio.
- 10.—A liberación nacional galega non desbota o vencellamento federativo ós demais pobos da Península, de Europa e do mundo.

## 1.— GALICIA E UNHA NACIONALIDADE E COMO TAL TEN DEREITO A SUA AUTODETERMINACION.

A UPG é o partido nacionalista de Galicia e, neste punto, sigue a doutrina de CASTELAO en "Sempre en Galiza".

Decimos que Galicia é unha nacionalidade porque nela cómprense tódalas condicións esixidas pra que unha comunidade de homes constituia unha nacionalidade. Somos, unha unidade étnica, lingüística, cultural, xeográfica, económica. Somos, polo tanto, unha "nación" ou "nacionalidade". Non constituímos, non oustante, un "estado". Unha nación pode acharse dividida antre dous estados (Vietnam, Corea, Alemania) e pola contra, un estado pode estar integrado por varias nacións recoñecidas, libres e autodeterminadas (Unión Soviética, Yugoslavia). O caso de Galicia é o de unha nación anexionada (históricamente pola forza) a un estado chamado Hespaña que non recoñece a súa existencia i exerce contra dela un imperialismo e un colonialismo secular, ó propio tempo que o fai contra Euzadi e Cataluña. Nós non pretendemos nin queremos que Galicia seña unha nación. Galicia xa é unha nación. Queremos únicamente darlle a Galicia o nome que lle corresponde en boa lóxica. E ademáis queremos que Galicia exerza o dereito que lle corresponde a toda nación en boa democracia: o dereito á autodeterminación dos pobos.

A millor e máis sensata definición de nacionalidade foi a feita por Stalin (Escritos encol da cuestión nacional). Pró lider e autor soviético un grupo humán é nación cando se compren nil as seguintes condicións: ter idioma e territorio propios, economía de signo diferenciado e uns hábitos psicolóxicos particulares reflexados nunha comunidade de cultura. Nós estamos seguros de que Galicia posee un idioma e un territorio propios, unhas necesidades económicas diferentes ás do resto do mundo (xa que constituímos unha rexión xeo-económica moi clara); e, non hai duda, temos unha psicoloxía, unha maneira de nos comportar propia, de xeito que calquera persoa non galega decátase da existencia dun "carácter", dunha "maneira de ser" galega, que contrastan vivamente cas do resto de Hespaña. Ista psicoloxía especial foi capaz de producir unha cultura orixinal e unha riquísima literatura. Somos, pois, unha nación.

Por isto a UPG non é rexionalista. A "rexión" é hoxe un concepto estrictamente económico ou ben xeo-económico. A xeografía e a teoría do desenrolo rexional utilizan profusamente iste termo. Unha rexión é unha unidade xeo-económica dentro de cal as semellanzas son maiores que as diferencias coas realidades en torno. A rexión galaico-duriense (que comprende Galicia e N. de Portugal) é unha clara mostra de "rexión". O val do Guadalquivir constitui unha rexión. Cataluña está dividida en dúas rexións (a Costera-Catalana e o Val do Ebro). Independentemente do factor rexional, é evidente que a nacionalidade galega utiliza os recursos dunha parte (ó N. do Miño) da rexión galaico-duriense; que o Val do Guadalquivir —rexión perfecta— non é unha nacionalidade a que Cataluña, en cambio, si que o é, a pesares de estar dividida a súa vida económica en dúas rexións (ou en catro, si contamos a zona pirenaica e a zona industrial

Barcelona). Nós non podemos, pois, ser rexionalistas. O rexionalismo e as teorías de desenrolo rexional poden conducir —como medidas tecnocráticas e neoliberais— a crear unha descentralización que favorezca un florecemento novo e armónico do capitalismo en toda a extensión do actual estado hespañol. Pero a UPG (demáis de ser una forza enemiga de tecnocracia, do neoliberalismo e do capitalismo) non se satisfai con que a administración de Hespaña se descentralice, ou a economía hespañola se rexionalice. A UPG declara que as arelas de Galicia soio se compriran cuando o noso pobo escolla libremente o seu destino e, de escollar a federación cos outros pobos da actual Hespaña e Portugal, soio o fará mediante unha federación libremente pactada por cada unha das partes: Galicia, Euzkadi, Portugal, Países Cataláns e Castela.

A base xurídica da nosa postura está no dereito á libre autodeterminación dos pobos establecido no dereito internacional e na Carta das Nacións Unidas. Si Galicia é unha nacionalidade ten dereito a decidir o seu destino: unida, ou separada, ó estado que lle conveña millor. A UPG, non embargantes, desexa que o futuro de Galicia esteña unido ó das restantes nacionalidades Peninsulares i Europeas, sempre e cando tal Unión Europea estea constituída como unha democracia popular —a única que nós aceptamos— e baixo o signo do socialismo. Como nacionalistas revolucionarios rexeitamos o patriotismo burgués hespañol e o patriotismo europeísta. Quede craro: non queremos unha Europa na que o vello chauvinismo nacional seña substituído pola tecnocracia capitalista do europeísmo capitalista do Mercado Común. Nós queremos unha Europa socialista e demo-popular, adicada a fomentar a revolución nos países asoballados de todo o mundo, a favorecer o progreso de todos os pobos i en diálogo con tódalas culturas.

O noso programa non é unha síntese de nacionalismo e socialismo. Somos nacionalistas porque somos revolucionarios. O noso socialismo comporta o nacionalismo. Pero, ó revés e pola especial contestura da nación galega, o noso nacionalismo soio é posíbel como socialismo. Por ista razón estamos cos pobos que loitan pola liberación en todo o mundo. O internacionalismo proletario é un principio fundamental do noso nacionalismo e condenamos ós que, invocando ó marxismo, traicionan cada día o internacionalismo. Basando o seu nacionalismo nos intereses revolucionarios das clases traballadoras de Galicia, o corazón da UPG (e si tivera poder de abondo, o seu brazo) está cos labregos e obreiros de todo o mundo. (V. *Terra e Tempo*, núm. 5 w. Leuter Bembo, "Nacionalismo e internacionalismo revolucionario"). O noso nacionalismo é herdeiro do vello e glorioso Partido Galeguista. Pero temos boas razóns pra tratar de apartarnos da súa liña burguesa e idealista. A razón suprema de que os que manteñen as características nacionais con pureza non son os burgueses galegos, senón os proletarios, os labregos e os mariñeiros de Galicia. A diferenza de outras nacionalidades sometidas ó centralismo castelán, Galicia caracterízase porque a burguesía renunciou a manter as características nacionás. Ademáis, ista burguesía é, en moitos casos, de orixe alleo ó país. Polo contrario, o duro e sofrido pobo galego permanece fiel á súa terra e á súa nacionalidade. Por istas razóns, o pobo galego non respondeu con rapidez e decisión ó antigo nacionalismo galeguista: porque era un nacionalismo burgués. O pobo galego non é galeguista na medida en que o galeguismo non é popular, isto é, revolucionario e socialista. Por iste motivo, os actuais galeguistas burgueses adoutan un vago rexionalismo que o antigo Partido Galeguista e Castelao tiñan amplamente rexeitado. As suas aspiracións non poden ir moi lonxe pois non teñen o apoio da súa propia clase —a burguesía— e saben que unha forte politización e mobilización do pobo galego acabaría cos seus privilexios. Soio o nacionalismo da UPG é posíbel en Galicia, porque é o nacionalismo revolucionario, o nacionalismo dos traballadores, o nacionalismo das masas populares.

## 2. O POBO EXERCERA O PODER EN GALICIA

Nós aspiramos a que o poder seña exercido en Galicia polos seus estamentos sociais de base: proletarios, labregos e mariñeiros. Somos sabedores de que iste "poder dos traballadores" estará respaldado e responsabilizado polos millores intelectuales e técnicos do país e, tamén, por un enorme sector de pequenos propietarios. Pero as nosas masas, as que levarán algún día o peso do poder, son as obreiras das vilas, as campesinas das aldeas e as mariñeiras do litoral. Isto, é, o 90% da poboación de Galicia. A UPG está ó servizo dos seus intereses, por iso é unha forza marxista de esquerdas. A UPG está empeñada, polo tanto, nunha loita cuio fin é que o poder seña exercido polo pobo.

No apartado denanterior declarámonos nacionalistas. Agora compre aclarar que o noso nacionalismo endexamáis nos levaría a aceptar unha Galicia nacional pola súa forma pero burguesa pola súa estrutura (V. "Constitución da UPG"). Nos queremos que Galicia seña unha democracia popular, entendendo por tal, un país gobernado polo pobo, e non pola burguesía, como ocorre nas democracias liberais...

Creemos con Carlos Marx que o estado é sempre un instrumento de opresión dunha clase sobre outra. As chamadas democracias liberais son un instrumento de opresión en mans da clase burguesa sobre os traballadores. Emporiso nós queremos instaurar en Galicia unha democracia popular que seña un instrumento de opresión das clases traballadoras sobre a clase burguesa. Pensamos que soio así poderemos chegar a unha Galicia non dividida en clases. Pra lograr un país sin clases o único camiño a seguir é facer desaparecer a clase condenada pola historia á desaparición: a burguesía. Todo estado é unha dictadura, un órgano que limita a liberdade humana, un instrumento alleante que, nunha etapa futura, haberá que eliminar da humanidade. Pero, entre tanto, temos que utilizar o estado pra destruír ós nosos enemigos: a clase capitalista.

Traballamos, pois, por unha Galicia dona do seu estado (V. *Terra e Tempo*, núm. 1. "No nome de Castelao"), o que equivale a decir, por un estado galego apropiado polos traballadores... A UPG considera, pois, que a democracia popular que se instaure en Galicia terá que empregar dous métodos. Como dixo Mao Tse-Tung ("Discurso de clausura na II sesión do Primeiro Comité Nacional da Conferencia Consultiva o Pobo Chino" (23 xunio 1950) da súa dictadura popular democrática: "Cos enemigos, emprega a dictadura, isto é, non lles permite, polo periodo que seña necesario, tomar parte en actividades políticas e obrígalles a obedecer as leis do Goberno Popular, a traballar e a transformarse, mediante o traballo, en xente nova. Co pobo, polo contrario, emprega a democracia e non a coacción; isto é, permítelle participar nas actividades políticas e non lle obriga a facer isto ou aquilo, senón que o educa e persuade por medios democráticos.

Fálase eiquí de enemigos contra quen hai que dirixir a dictadura. Istes enemigos son os capitalistas e a mais tódalas xentes de ideoloxía fascista ou anti-socialistas. O pobo considerará a ista minoría da nosa poboación como enemigos do orde público. Do mesmo xeito que o Estado persigue a priva dos dereitos cívicos ós ladróns, traficantes de drogas, explotadores de muller, asesinos, etc., tamén o fará con quen desenrole actividades, que vaian contra os intereses do pobo, isto é: do 90% da poboación. Pero a forza e violencia, factores non democráticos, terán que ser empregados polo pobo no intre do asalto ó poder burgués. Nin o imperialismo USA, nin a reacción hespañola, permitirían nunca que Galicia pasara ó socialismo por vía pacífica. Emporiso, a UPG considera que a forza e a violencia han de ser exercidos pra poder ingresar o noso país no futuro luminoso do socialismo. E, unha vez ocupado o poder polo pobo, a violencia poderá tamén exercerse contra as forzas exteriores a Galicia que pretendan destruír o socialismo por vía imperialista e agresiva. Tal e como está hoxe o mundo, a batalla contra o imperialismo é mundial e debe ser cousa dos revolucionarios de todo o mundo, como

ben sinalou Ché Guevara na súa comunicación á Tricontinental. Emporiso, unha vez ocupado o pobo, a nosa forza e a nosa violencia poderán exercerse tamén fora das nosas fronteiras, en defensa de outros pobos que loiten daquela pola súa liberación.

Pero xa que dixémos que o noso sistema futuro sería a democracia popular, precisemos agora algunhas das condicións que a UPG lle esixe a tal situación:

1) O Goberno estará exercido polo partido dos traballadores de Galicia: a *Unión do Pobo Galego*. Isto non quer decir que a UPG non poda unirse ou federarse con outros partidos esquerdistas que persigan a transformación revolucionaria da nosa realidade. En canto ós burgueses, gozarán de dereito á asociación e de liberdade de expresión, pero serán desposeídos das súas riquezas e dos seus medios de produción. Niste senso, as confesións relixiosas serán tamén desposeídas das súas riquezas e os seus ministros serán as obrigas de calquer cidadán, aínda que poderán facer calquera clas de actos de culto, e o estado cederálle, a petición, o uso das igrexas e poderán insinar ós fillos dos creentes que o desexen, as súas doutrinas respectivas.

2) O Goberno do Pobo coidará de poñer en marcha un sistema de pedagogía política que lle permita ó cidadán coñecer a ideoloxía e dos matices e direccións diversas da revolución, as cuestións esenciais da economía e o mecanismo do aparello do estado. Ista vasta politización popular terá como órganos os círculos de discusión libre que se establecerán e cada unidades productiva (sección de fábrica, barco, parroquia rural, cooperativa, comuna, Facultade, etc.). Isto convertirá a Galicia nunha grande ágora libre e democrática.

3) O pobo terá o control directo sobre o aparello represivo do Estado (exército, policía). Como nós pensamos que, ó final, o socialismo soio se pode implantar mediante unha loita armada de liberación, o exército será un organismo popular nacido disa mesma loita. A democracia interna do exército do pobo é algo imprescindible. Por iso, o Goberno e as masas controlarán ós seus xefes especializados, introducindo un constante traballo político no seo de cada unidade.

Terminamos dicindo que a democracia —o goberno do pobo— non pode cristalizar nunha institución determinada, senón que debe ser un método dinámico e progresivo. Lonxe de constituir un sistema establecido, a democracia é un proceso. Emporiso a UPG proclama a necesidade dunha participación cada vez maior das masas no labor do Goberno, baseada nun sistema pedagóxico orientado á crecente participación popular e á crecente consciencia histórica do pobo. O final diste vasto proceso será a supresión da democracia porque o mesmo estado político terá desaparecido. Isto ocurrirá cando en todo o mundo triunfe o socialismo e a democracia tal e como nós a entendemos. Pero antes de todo isto, o pobo exercerá o poder en Galicia mediante a democracia popular e imporá o sistema socialista de produción.

### 3. OS MEDIOS DE PRODUCCION, DISTRIBUCION E CRETO PERTENECEN O POBO

A UPG loita polo sistema socialista. E a forza que pretende que o pobo recolla o que é seu. A propiedade dos medios de produción, distribución e creto están hoxe en mans da burguesía galega, ou dos imperialistas non galegos que tratan a Galicia como unha colonia. (V. "Embalse non, xusticia sí" e *Denuncia* núm. 2, ambos contra o trato colonial que lle diron FENOSA e o Réxime fascista ós labregos de Castrelo de Miño). A UPG declara que ises bens pertencen ó pobo e que deben pasar ás mans do pobo.

A democracia popular sería unha ilusión si o poder político e militar non estivese unido ó económico. A UPG é, polo tanto, socialista e identifica a democracia popular co socialismo.

O socialismo da UPG ten por oxeito suprimir o traballo alleado (alienado) que é consecuencia de, ou identifícase con, a propiedade privada dos medios de produción. Ou o que é o mesmo: a UPG nega o dereito a mercar o traballo alleo. As reivindicacións socialistas da UPG non se satisfán coas melloras de salarios nin das condicións de vida do pobo (tal como as concibe o capitalismo en tódalas súas formas: como posibilidade de consumo). Pola contra, a UPG coida que o traballo asalariado é un xeito de escravitude e que, namentras subsista, non é posible o desenvolvemento libre e normal da personalidade humana.

Pra que o traballo chegue a ser traballo liberado e preciso un longo proceso de transformación da economía e da totalidade da vida humana, cuxa condición inescusable é que os medios de produción estean controlados polo pobo.

### 4. A COLECTIVIZACION DO AGRO COMENZARA CUNHA ETAPA COOPERATIVA COMO FASE PREVIA A FORMAS MAIS DESENVOLVIDAS DE SOCIALIZACION

Galicia é un país agrícola e a maior parte da súa poboación está formada por pequenos campesinos cuxas condicións de vida na maioría dos casos son inferiores ás dos proletarios. A UPG concentra a súa atención, dun xeito especial, no problema do minifundio e pretende —como condición máis importante pra facer a revolución en Galicia— despertar ós campesinos galegos do seu letargo económico, político e cultural. O pequeno campesino é o núcleo da poboación galega e a súa mobilización será a base do futuro socialismo. Respecto ós pequenos campesinos, a postura da UPG exprésase nos seguintes puntos:

1) Na medida en que non explotan o traballo alleo, o estado socialista non debe ou polo novo nazismo europeísta. Queremos ser o peor enemigo do europeísmo nazi e espropiar os seus bens de produción. Tampouco pode obrigalos a se colectivizar pola forza.

2) O estado socialista ten que se apoiar niles o mesmo que nos obreiros. Isto é tan fundamental canto maior é a participación distes pequenos propietarios na composición da poboación do país.

3) A maneira de produción distas clases é pouco rentable e, pola súa condición económica, non están capacitados pra introducir nas súas explotacións os avances da técnica, que esixen grandes inversións e unha división técnica de traballo. Isto e, convertírense en empresas de meirande amplitude.

4) O estado socialista debe facilitar a estes sectores os medios pra melloraren a súa forma de produción.

5) A millora da produción ten como consecuencia inmediata a colectivización, si se mantén o principio de non apropiación do traballo alleo.

6) O estado socialista ten a misión de convencer ós pequenos propietarios rurais das vantaxes da colectivización e de facilitarlle os medios pra realizala de xeito progresivo i en beneficio, non soio distes sectores, senón tamén da totalidade da poboación.

7) A formación de cooperativas de produción e de comercialización é, polo tanto, o paso inicialmente necesario pra estes sectores.

Dada a difícil situación do campo galego, caracterizada polo minifundio miserabre, a falla de maquinaria, abonos e cultivos racionais (que dado o pequerrecho das leiras non poden ser plenamente utilizados sin a previa ordenación en unidades superiores) e a tendencia do campo á economía en circulo pechado, a colectivización é o labor máis urxente de calquera sistema que se preocupe un pouco namáis dos campesinos.

A reforma máis moderada posible é a cooperativización dos pequenos propietarios. A cooperativización será, pois, a base operativa do programa agrario da UPG. Isto non quer dicir que se teña que obrigar de forza ós campesinos a formaren cooperativas. Nós pensamos que eles non se oporán a tal medida. Coidamos, pola contra, que o chamado "espírito rutinario" e a chamada "desconfianza" do campesino son actitudes moi lóxicas, fundadas nun abandono e nun engaño secular a iste sector básico de Galicia. O campesino, chegado o momento, saberá distinguir o que lle convén e o seu "espírito reaccionario" non é de ningún xeito tan grande como o dos que se apoian neste tóxico venenoso pra evitar o comunismo campesino.

Tendo, ademais, en conta que a solución tradicional á miseria do minifundista é a emigración e a conversión subsiguiente do campesino en asalariado da industria nun país estrano e nunha actividade económica que en principio descoñece, non parez imposible nin improbable que os campesinos estean dispostos a se converter, na súa propia terra, en obreiros do Estado. No intre en que os campesinos estean dispostos, e o Estado capacitado pra dirixilo, as cooperativas de produción transformaránse en cooperativas de traballo, en empresas agrícolas estatales.

## 5. A PEQUENA EMPRESA E MAILA INDUSTRIA ARTESANAL SERAN CONCENTRADAS EN UNIDADES PRODUCTIVAS SUPERIORES

A política da UPG con respecto á produción artesán rexirase polos mesmo principios que prós pequenos campesinos a prós pequenos mariñeiros do "minifundio da pesca". Trataráse, pois logo, de erguer o rendemento mediante fórmulas asociativas que permitan introducir as ventaxes (ou parte delas) da produción industrial sin converter istes sectores industriais en asalariados, permanecendo, nunha primeira etapa, no marco da pequena propiedade. Isto é, do cooperativismo. Fomentaremos, pois, o cooperativismo artesán e mariñeiro, o mesmo que o campesino. Enténdase, non embargantes, que a nosa intención é chegar (cobrindo tódalas etapas e ó ritmo máis aconsellable) á colectivización total da produción. O camiño dista colectivización debe ser distinto prós sectores artesáns e prós obreiros. Cada estamento humano ten os seus caracteres e nós actuarémos en consecuencia. Por outra banda, a UPG non considera preciso impoñer a colectivización nos sectores pequeno-burgueses da mesma maneira que nos campesinos. Existe unha grave contradicción entre os proletarios e o capitalismo. Nós solucionarémola desposeendo ó capitalismo. Despois existen, no seo do pobo, outras contradiccións entre pequenos agricultores, pequenos propietarios mariñeiros, pequenos propietarios artesáns e mailo sistema capitalista burgué.

A UPG coida que pra levar a termo a colectivización distes sectores hai que partir de dous principios férreos. Un, baseado no progreso tecnolóxico, que proclama a necesidade de concentrar as pequenas industrias en unidades modernas, grandes e eficaces. Outro, baseado no socialismo científico, que nega o dereito dos homes a mercar o traballo de outros homes. Seguindo o primeiro principio, o estado favorecerá a unión de artesáns en forma cooperativa, respetando a propiedade das aportacións individuais. Estas empresas formadas así, por concentración, tenderán a mellorar a súa produción e a alonxar do traballo ós seus propietarios. Neste intre, a man de obra inicial —constituída polo artesán, a súa familia e un pequeno número de oficiais e aprendices— comenará a estar totalmente formado por asalariados, mentres os antigos artesáns pasan a dirixir a empresa e a beneficiarse do seu rendemento. Isto é, o artesán pasa a ser un burgués que abandona o banco da motora, o serrón de carpinteiro ou o mostrador da tenda, por un confortabre sillón no consello de administración da cooperativa. Entón é cando, seguindo o segundo principio, que nega o dereito a mercar o traballo alleo, o pobo, o

Estado, apropiaránse da empresa cooperativa, mentres os artesáns que a constituiron pasan á categoría de directores técnicos ó servizo do estado. Veleiquí como a xestión artesán será fundamental na construción da futura Galicia socialista e como istes sectores son tan importantes pró desenrolo eficaz e armónico da nosa sociedade.

E non se trata de facer unha manobra de engano nin unha trampa. A UPG, dende sempre, falou craro e seguirá falando. Os pequenos empresarios e artesáns aceptarán as ventaxes do socialismo e da colectivización porque lles interesa. Saberán que desempeñando a función antes dita na edificación do socialismo, o seu estilo de traballo e a súa preparación profesional levaráos a postos de dirección, mentres que ca actual evolución do desenrolo capitalista terminarían sendo absorbidos pola grande empresa, polos monopolios, e terminarían fatalmente na proletarización. No máis profundo da psicoloxía artesán non está —aínda que o aparente— a pasión da propiedade, senón o desexo de seguridade familiar e de continuidade no traballo. Isto atoparáno no socialismo, mentres que a concentración capitalista soio os levaría á anulación como sector e á destrución da súa obra persoal, sin as ventaxes que lles ofrece a colectivización.

En consecuencia, a política da UPG con respecto á pequena empresa está baseada nos seguintes puntos:

1) O feixismo é apoiado polas clases medias e a pequena burguesía. Collidos ante o proletarid e mailo capitalismo, istes sectores atopan no Estado totalitario a forma de subsistencia. Iste é o orixe do actual Estado hespañol, consecuencia durma insurrección militar apoiada polas clases medias.

2) A pesares de que o feixismo pode ser considerado como unha fórmula de clas media, de feito soio constitui una alianza dista coa alta burguesía, alianza na cal tamén o capitalismo atopa a súa fórmula de subsistencia. Na medida en que o capitalismo se sinte seguro do seu poder económico, vólvese de novo contra as clases medias e continúa na concentración de capital. As clases medias non consiguen co feixismo, polo tanto, máis que un aplazamento.

3) Ista alianza coa oligarquía dos sectores medios pódese dar tamén dentro do sistema do liberalismo parlamentario clásico. Exemplo típico: Francia.

4) A hora de considerar a toma de posición dos distintos sectores sociais con respecto dos ouxetivos revolucionarios, é preciso ter presente que determinados grupos non se opoñen a istes polos ouxetivos mesmos, senón polas dificultades de adaptación durante o período de transformación revolucionaria. A política da pequena burguesía e dos sectores medios está condicionada pola necesidade de seguridade. Polo tanto, si esa adaptación se facilita e se ofrecen garantías a ises sectores, é posible alterar o sistema de alianzas de clas en favor do proletariado.

5) A UPG considera, polo tanto, necesario ofrecer garantías ós sectores me<sup>4</sup>os, así como destacar diante distes as ventaxes que o socialismo reporta pra todos. As fórmulas concretas pra realizar a orientación distes sectores adoptaránse tras dun estudo coidadoso das condicións económicas distas clases e das forzas productivas que os componentes dilas poden aportar dentro do sistema socialista de produción.

## 6. A GRANDE EMPRESA CAPITALISTA SERA SOCIALIZADA DUN XEITO INMEDIATO

Como dixemos no puno 5, a UPG mantén o principio da supresión do dereito a mercar o traballo alleo. Como a grande empresa capitalista funciona sobre a base de que uns poucos homes —os burgueses— mercan o traballo dunha masa de homes —os propietarios—, a UPG declara a necesidade de socializar ista forma de produción pra suprimir a explotación do home polo home. A industria, como o mar, como a terra e como o aire, debe ser de todos.

7) Cada empresa será fiscalizada dende o primeiro intre por un Comisario do Pobo, representante nela do Goberno Popular, asistido por un Consello de Traballadores eleixidos por sufraxio dos seus compañeiros.

8) No intre en que isto seña realizabre técnicamente, a produción industrial será reorganizada con arreglo á fórmula socialista eleixida polo pobo.

9) No intre de levar a termo a reestructuración socialista da produción industrial, e calquera que seña o sistema de xestión escollido, os antigos xerentes e directivos poderán permanecer nos seus postos ou serán nomeados pra outros novos sempre que estean técnicamente preparados e na medida en que evidencien boa disposición pra contribuir á edificación do socialismo en Galicia.

## 7. A ORGANIZACION ADEMINISTRATIVA DO AGRO GALEGO TERA POR NUCLEO AS AGRUPACIONS TIPO PARROQUIA, QUE SE INTEGRARAN NA BISBARRA. O TERRITORIO URBAN SERA ADEMINISTRADO POR CONCELLOS COMPOSTOS DE DISTRITOS.

O actual sistema adeministrativo que soporta Galicia non se corresponde, en nada, coa realidade do país. Galicia, dende o punto de vista adeministrativo, non ten existencia. Existen 4 provincias, sin vínculos mancomunales entre elas, que dependen directamente do poder centralista. A provincia de León e a de Lugo están tan relacionadas adeministrativamente como ista e a da Cruña. A imitación da división departamental francesa servíulle ós imperialistas hespañoles como a grande arma pra desdibuxar a nosa realidade nacional. Istas provincias divídense, en canto á adeministración local, en municipios. O municipio, xa se sabe, é unha entidade que se corresponde coa realidade castelán, onde hai grandes pobos concentrados. Pero en Galicia, onde a poboación está diseminada nunha boa parte, a entidade natural é a "parroquia". No noso país, o municipio soio se adapta á realidade das grandes e pequenas vilas.

A UPG considera que a supresión das catro provincias galegas é o primeiro paso a dar de cara a unha real organización adeministrativa da nosa nacionalidade. Esta operación faríase en diversas etapas medinte a fusión das actuais Deputacións, servicios, xefaturas e delegacións provinciales, nos correspondentes organismos de ámbito galego. Non é agora o intre de legislar en materia adeministrativas. Isto faríase no seu día. O que compre agora é definir as líneas maestras dunhas adaptación do sistema adeministrativo á realidade socio-económica de Galicia.

Outro paso sería no terreo da división interior de Galicia. Suprimídalas provincias, habería que estudar —sobre a realidade— unha división en bisbarras. Galicia estaría, pois, dividida en unidades tipo bisbarra (tales como o Valadouro, Terra Cha, o Baixo Miño, o Ribeiro, Bergantiños, etc.) que comprenderán todo o seu territorio rural. Cada bisbarra estaría formada por unha asociación de parroquias. A parroquia, como dixo Castelao, ten que ser a "célula vital da organización campesina ("Sempre en Galiza"), baixo a presidencia dun vigairo eleixido polos veciños, asistido pola asamblea de tódolos veciños maiores de idade que, en concello aberto, tomarán as decisións. O Estado proporcionaríalle á parroquia a asistencia técnica precisa e a UPG trataría de constituír células a nivel parroquial que levaría o traballo político e orientaría á maioría.

Nas grandes e pequenas vilas, o organismo local terá que ser o concello ou municipio, co seu alcalde ó frente e a sua cámara municipal formada de concellales eleixidos pool pobo. Nos pretendemos unha meirande autonomía municipal. Dado o enorme desenrolo das nosas grandes vilas, os recursos municipais de hoxe non abundan pra unha urbanización e pra unha racionalización desexabre. Emporiso a política urbana da UPG consistirá en dous pasos fundamentais:

1) Unha Lei de Reforma Urbana, semellante á de Cuba, que regule a amortización das vivendas alugadas medianae o capital satisfeito ó propietario en concepto de aluguer, de xeito que, ó ter satisfeito ó dono o precio de custo e un beneficio prudencial, a vivenda pasa a poder do inquilino. A nova construción será escrusivamente estatal. Somentes así quedará solucionado o problema do aloxamento.

2) O chan da vila será nacionalizado e o estado concederálle o seu uso ó municipio. Pensamos que somentes así se pode levar a cabo un plan de ordenación urbana e planear unha cidade á medida do home e non á medida do especulador.

O territorio municipal estará composto por distritos, autónomos. Igoalmente terán autonomía, dependendo do municipio, as parroquias rurales que o arrodean.

Con respecto á parroquia, municipio e comarca, a UPG considérase continuadora do programa do desaparecido Partido Galeguista que di: "3ª Plea autonomía municipal, recoñecendo a personalidade adeministrativa da parroquia rural e da comarca, con dereito á adeministración dos seus peculiares intereses". Do mesmo xeito, o Estatuto refrendado polo pobo en xunio de 1936 reclama no Título III a: "A organización e réxime local de Galicia, sobre as bases de recoñecemento de persoalidade xurídica á parroquia rural e plea autonomía do municipio; e a división do territorio ós ditos efectos".

## 8. A EDUCACION ESTARA O SERVICIO DO POBO

A UPG considera que unha profunda e rápida reforma do insino é un dos ouxetivos máis inmediatos dunha revolución socialista e quizáis a condición máis importante do seu arraizamento. A reforma do insino será, por ista causa, o labor ó cal o socialismo galego adicará os seus mellores esforzos, mostrándose intransixente na sua consecución.

Non podemos, dentro do marco do presente programa, facer un prantexamento do insino na nova Galicia nin moito menos elaborar un plan de estudos. Pero de todos xeitos queremos sinalar os principios ós cales se ten, por forza, que axustar o futuro sistema educacional, e que son tres:

1ª) O insino será estatal.

2ª) O insino será gratuito.

3ª) O insino será obrigatorio.

Con respecto ó apartado 1ª, manifestámonos intransixentemente enemigos do insino privado. Como empresas capitalistas que son (disfrazadas con falso barnís de humanismo docente) os colexios i escolas privadas de todo tipo pasará a poder de Estado e os seus locais nacionalizados. Os seus antigos propietarios, de estar debidamente titulados e capacitados, poderán desempeñar nos seus centros laborales docentes ou directivos en calidades de funcionarios do Estado.

O decirmos que o insino será gratuito non se nos oculta o enorme esforzo económico que o Estado socialista haberá de facer inicialmente. Pro pensamos que é unha inversión e un esforzo precisos pra lograr o seu fin en si —a educación de *todo* o pobo— e ademáis unha condición indispensable pró desenrolo técnico i económico.

Derradeiramente, coidamos que o insino, pra ser total e masivo, tan que ser obrigatorio hastra un grado equivalente ó Bachelarato superior. A educación é un ben público do que ningún pai de familia pode privar ós seus fillos. Calquera neno galego poderá estudar calquera especialidade técnica ou universitaria prá que estea capacitado. O fillo de campesino poderá ser experto en xenética e calquera fillo de inxenheiro poderá ser peón si o seu nivel mental non lle permite outra cousa.

Por outra banda, a UPG condena toda clase de discriminación sexual. Os menos e as menos, hastra os niveles máis altos, recibirán as mesmas insinanzas, nos mesmos centros e nas mesmas aulas. O principio da igualdade dos dereitos do home e da muller, mande dende o primeiro intre, e non se lle dará á nena ningún tipo de instrucción especial que tenda a especializala en traballos domésticos. Esperamos, coisto, que a muller ga medre nun clima de igualdade e de independencia que a libere da postración en que a tiveron enfouzada os prexucios patriarcales, os escrúpulos clericais, o atraso e a miseria.

Dende o primeiro insino as materias teóricas alternaránse coas prácticas, especialmente co aprendizaxe dun oficio manual, cousa obrigatoria pra toda a poboación.

Mesmo si Galicia está integrada dentro dunha federación ibérica ou europea, o traballo da economía aplicada ás condicións de Galicia terá un lugar importante nos estudos de insino. Introduciráse tamén o estudo xeneral da socioloxía, da agricultura e da ciencia.

O sistema de insino ha tender, en tódolos niveles e ponlas, incruída moi especialmente a instrucción de oficios, á supresión da forma actual da división de traballo e firme os principios esenciais do humanismo marxista. Procuraráse unha combinación entre formación xeneral e especialización que satisfaga mesmo ás esixencias do comunismo e mailas do desenvolto tecnolóxico.

As insinanzas técnicas superiores adaptaránse ás esixencias da produción en cada un dos desenvolto económico.

A Universidade de Compostela será o organismo máximo da docencia en Galicia. Será manter facultades noutros lugares do país e, ó seu redor, estableceráse un Seminario de Estudos Galegos que constituirá —íntimamente unido ó insino— un conxunto de institutos de investigación de cada unha das polas da ciencia. O número de investigadores e de profesores do Seminario e da Universidade será tan amplo como necesario pra división dos cursos en grupos, como máximo de 10 alumnos, especialmente nas clases prácticas e nos Seminarios particulares.

Os estudantes universitarios e técnicos terán uns coñecementos xerais comúns. Sobre esta base distes coñecementos xerais ergueráse pirámides de especialización progresiva. Cada estudante elaborará o seu propio plan de estudos dentro de certas condicións. Os estudantes, corporativamente, terán participación na dirección da Universidade e centros técnicos, e máis na confección dos plans xerais de estudo.

Os traballadores do insino, en todas as súas categorías, precisan un título universitario e seguirán, ademais, cursos de pedagogía e didáctica na Escola Normal. Pra cada un seña autorizado o exercicio da docencia deberán acreditar tanto como a sabiduría, a formación e dotes pedagóxicas.

Nunha primeira etapa levaráse a termo unha campaña pra extinción do analfabetismo e formación de adultos. A divulgación cultural e as Escolas e Universidades Populares de adultos terán tanta importancia como o insino ordinario.

## **10. IDIOMA OFICIAL DE GALICIA SERA O GALEGO, DE INSINO OBRIGATORIO**

O lingoaxe é o atributo fundamental do home, o que posibilita a sociedade e, por tanto, o que posibilita a condición humán. O idioma é a característica fundamental das que distinguen a unha nacionalidade.

O insino primario débese dar na língoa materna do neno, na que fala na súa casa, e din claramente tódolos pedagogos modernos e a doutrina da UNESCO. Polo tanto, tamén nas escolas rurais daráse, dende o primeiro intre, en galego, facendo os nenos

adeperender posteriormente o castelán e outro idioma moderno, como asignatura. Nas escolas onde predominen menos a língoa materna seña o castelán, o parvulario faráse en castelán e, a partir do castelán, aprenderán posteriormente o galego. Queremos que o galego chegue a ser a língoa habitual de toda a poboación galega e que toda a poboación galega coñeza tamén o castelán e outra língoa moderna (ruso, inglés, francés ou o que se acorde no seu día).

Os documentos do Estado Galego serán redactados en galego. Os documentos da Federación a que cheguemos a pertencer, serán traducidos ó galego pró seu uso en Galicia.

O pobo traballador (proletarios, labregos e mariñeiros) fala galego na súa inmensa e absoluta maioría. As clases medias e a burguesía de Galicia falan o idioma oficial, o do estado anti-galego, e a súa fala é un símbolo exterior da súa superioridade social. En consecuencia, existe un complexo de inferioridade lingüístico con relación ó galego que se deriva das condicións de vida baixo o colonialismo e imperialismo de Castela, baixo o despotismo uniformista borbónico e baixo o centralismo burgués: o castelán é a fala dos señoritos, o galego é a fala dos traballadores.

Pra liberar ó pobo galego da súa escravitude política e social hai que o liberar deste complexo, que é consecuencia de aquela escravitude. Pra escomenzar, toda a propaganda da UPG, partido dos traballadores de Galicia, está redactada en Galego.

O noso programa, en materia de idioma, pretende resolver os problemas do pobo e da nacionalidade galega, non crear problemas á poboación que non fala a língoa do país. Por tanto, nunha primeira etapa, o galego será cooficial co castelán.

## **10. A LIBERACION NACIONAL GALEGA NON DESBOTA O VENCELLAMENTO FEDERATIVO DE GALICIA OS DEMAIS POBOS DA PENINSULA, DE EUROPA E DO MUNDO.**

A UPG non é separatista. E humanista, revolucionaria e internacionalista. Aspira á unión de tódolos traballadores do mundo, por riba das barreiras de estados, e cree na irmandade e na identidade de tódalas nacións do mundo. Niste senso coidamos que nosa liberación nacional é, ante todo, a recuperación do poder sobre nós mesmos, poder que nos foi sustraído polo imperialismo castelán, polo cesarismo borbónico e polo centralismo burgués. Ista liberación nacional comporta o dereito á autodeterminación, como temos dito no punto 1. Pero a UPG insiste en que, á hora de escoller o seu destino, debemos preferir unha unión federativa o resto da Península Ibérica. O cal supón que Euzkadi e Cataluña se teñan liberado do centralismo burgués e teñan escollido a vía da federación das nacións ibéricas. Supón, asimesmo, que Portugal teña decidido tamén unirse a ista federación ibérica. Nós desexamos que isto ocorra e, nista liña, trataremos de percurar sempre a alianza coas forzas progresistas de Euzkadi e Cataluña —irmáns na opresión— pra combatirmos xuntos ó Estado español que nos aferolla. Das ruínas dese monstruo burgués e racista, que practicou contra nosoutros sempre o máis venenoso apartheid nacerá a federación ibérica que nós arelamos, a unión europea socialista que nós arelamos e a unión mundial que terá que vir algún día, presupoñen tamén a extinción e a ruína da Hespaña burguesa.

Dos órganos lexislativos da federación, un polo menos (Cámara Alta) estará integrado por representantes das nacionalidades ibéricas —ou dunha federación máis ampla— con total igualdade de dereitos, sin ter en conta o poder de cada unha, nin a súa poboación. O Estado Galego terá a soberanía en Galicia, podéndolle trasferir á federación tantos poderes como resulten necesarios pra organización da vida en común.

Do mesmo xeito que a federación poderá transferir poderes a unha organización mundial que regule a convivencia dos pobos dentro da paz, o apoio mutuo e o socialismo. En particular, Galicia transferirá poderes de tipo económico pra facer posible unha planificación socialista que, en interés de todos, utilice axeitadamente as posibilidades de división de traballo entre as rexións económicas da Península, de Europa ou do ámbito da federación.

Como revolucionarios aspiramos á instalación do socialismo en todo o orbe. Ademais que, de xeito transitorio, pode instalarse nunha soa nación. Pero comprendemos que canto máis poboada i economicamente forte seña unha unidade política socialista, máis probabilidades ten de non ser derrubada polo imperialismo e mailo capitalismo. O noso desexo é, polo tanto, que o socialismo trunfe en toda a Península, en toda Europa, i estamos dispostos a colaborar con tódalas forzas que acepten, como principio, a nosa liberación nacional e o socialismo.

Os dereitos políticos dentro do Estado galego corresponderán ós cidadáns galegos. A medida e o xeito en que persoas de outras nacionalidades ibéricas ou de calquera parte do mundo residentes en Galicia poderán participar dises dereitos, será determinada polos traballadores galegos.

LABREGOS, OBREIROS e MARINEIROS DE GALICIA;

UNIDEVOS!

TRABALLADORES DE TODO O MUNDO E POBOS ASOBALLADOS:

UNIDEVOS!

VIVA GALICIA ¡CEIBE E SOCIALISTA!

